



RESOLUCIÓN DO 8 DE ABRIL DE 2025, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DESIGNA O TRIBUNAL QUE AVALIARÁ A PROBA EXTERNA DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE BACHAREL E BACCALAURÉAT PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

A Resolución do 25 de marzo de 2025, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat para o curso académico 2024/2025 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento establece na súa cláusula sexta que, en exercicio das súas competencias, e de acordo co artigo 7.2 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Dirección xeral nomeará o tribunal avaliador da proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto do Programa para o alumnado de segundo de Bacharelato que, no presente curso académico, estea cursando o currículo mixto do programa *Bachibac* establecido por Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo.

De conformidade co anteriormente exposto e, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, esta Dirección xeral

RESOLVE

Primeira-. Nomear, como membros do tribunal que deberá xulgar a proba externa, as seguintes persoas:

Presidenta titular: Dona María del Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de Catedráticos de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***0936**.

Vogal Secretaria titular: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6285**.

Vogal titular: Don Jacobo Lorenzo Nespereira, funcionario do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***7840**.

Presidenta suplente: Dona María Jesús Lorenzana Lamelo, funcionaria do corpo de Catedráticos de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***5745**.

Vogal Secretaria suplente: Dona Sandra Rodríguez Nieto, funcionaria do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6923**.

Vogal suplente: Don Iván García Ambruñeiras, funcionario do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***1182**.





Segunda- A proba externa realizarase nas datas, horario e lugar de realización aos que se refire a cláusula quinta da *Resolución do 25 de marzo de 2025*.

Terceira- As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas na cláusula sexta da dita Resolución.

Cuarta- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.gal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,
Judith Fernández Novoa

